

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

3080 *Orde ESS/214/2018, do 1 de marzo, pola que se modifica a Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, pola que se regula o Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social.*

Mediante a Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, régulase o Sistema de remisión electrónica de datos (Sistema RED) no ámbito da Seguridade Social. O dito sistema, que se vén aplicando desde o ano 1995, constitúe a principal plataforma de acceso aos servizos electrónicos da Seguridade Social, a través da cal xa se realizan, de forma xeneralizada, os trámites e as actuacións no ámbito da inscrición de empresas e a afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores, así como a remisión da información necesaria para o cumprimento da obriga de cotizar e a comunicación de partes médicos nos procesos de incapacidade temporal.

Transcorridos máis de catro anos desde a entrada en vigor da citada orde ministerial, resulta necesario reformala para conseguir tres obxectivos: o primeiro e principal deles consiste en ampliar o ámbito de aplicación subxectivo do Sistema RED mediante a súa extensión a novos colectivos, fundamentalmente de traballadores por conta propia ou autónomos; o segundo, en facilitar a aplicación das súas medidas, perfilando máis adecuadamente as actuacións que poden ser obxecto de transmisión electrónica a través dese sistema, así como os intervinientes no intercambio e comunicación de datos, e o terceiro, en incluír, dentro de tales actuacións, unha nova comunicación de datos que permitirá axilizar o recoñecemento de diversas prestacións da Seguridade Social.

Con tal finalidade, modifícanse os seus artigos 1 e 2, dedicados, respectivamente, ao seu obxecto e ámbito de aplicación obxectivo e ao seu ámbito de aplicación subxectivo.

No artigo 1, ademais de dotar de maior precisión a súa regulación e de actualizar as referencias normativas nel contidas, recóllese, como nova actuación para transmitir mediante o Sistema RED, a comunicación por parte das empresas da data de inicio da suspensión do contrato de traballo ou do correspondente permiso, para os efectos de tramitar as prestacións por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, así como das reducións de xornada de traballo dos proxenitores, adoptantes ou acolletores para os efectos de tramitar a prestación de coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, de que sexan beneficiarios os traballadores por conta allea ou asimilados.

En canto ao artigo 2, o ámbito de aplicación subxectivo do Sistema RED esténdese de forma obrigatoria aos traballadores por conta propia integrados nos réximes especiais da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e dos traballadores do mar, con excepción, neste último caso, daqueles que figuren clasificados nos grupos segundo e terceiro do citado réxime para os efectos de cotización, ao diferir esta substancialmente da do resto dos traballadores por conta propia. A incorporación dos traballadores autónomos ao Sistema RED poderase materializar tanto nos termos e condicións xerais da Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, como polo uso dos medios dispoñibles na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social e conforme as condicións establecidas para acceder aos seus servizos, tal como se prevé no artigo 3.3 desa mesma orde.

A obrigatoriedade do Sistema RED tamén se amplía ás empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar ao réxime xeral da Seguridade Social, polo que respecta ao colectivo dos representantes de comercio e ao sistema especial da industria resinera, ata agora excluídos desa obrigatoriedade, ao non presentaren ambos os dous na actualidade peculiaridades que xustifiquen o mantemento da dita exclusión.

A disposición transitoria primeira habilita un prazo de seis meses para que os traballadores por conta propia afectados pola reforma do artigo 2 da Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, poidan facer efectiva a súa incorporación obrigatoria ao Sistema RED.

Finalmente, respecto aos suxeitos responsables afectados polas regras especiais sobre a efectividade inicial da inclusión no sistema de notificación electrónica contidas nos números 1 e 2 da disposición adicional única da Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo, pola que se regulan as notificacións e comunicacións por medios electrónicos no ámbito da Seguridade Social, a aqueles aos cales aínda non se lles notificase a resolución en que se determina a súa incorporación ao dito sistema nos termos previstos nos números citados, a disposición transitoria segunda establece que quedarán incluídos nel de forma obrigatoria mediante a súa comparecencia na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social, de acordo co disposto con carácter xeral no artigo 3.2 da referida orde, para o cal se lles outorga o prazo de dous meses. Os ditos números quedan derogados, así mesmo, en virtude desta orde.

Sobre a orde emitiu informe favorable a Comisión Ministerial de Administración Dixital do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, en exercicio das funcións que ten atribuídas pola Orde ESS/1355/2015, do 25 de xuño, pola que se crea o dito órgano colexiado e se regulan a súa composición e funcións.

No seu proceso de tramitación, de conformidade co disposto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, someteuse ao trámite de audiencia e información pública a través da consulta directa aos axentes sociais e da súa publicación no portal web do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Esta orde dítase en exercicio da habilitación contida para o efecto no artigo 131 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, dando tamén cumprimento ao mandato efectuado á ministra de Emprego e Seguridade Social polo número 2 da disposición derradeira décimo segunda da Lei 6/2017, do 24 de outubro, de reformas urxentes do traballo autónomo, para os efectos de ampliar o ámbito de aplicación do Sistema RED para estendelo con carácter xeral aos traballadores por conta propia ou autónomos e de efectuar outras actualizacións na regulación do devandito sistema.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, pola que se regula o Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social.*

A Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, pola que se regula o Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 1 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación obxectivo.*

1. Esta orde ten por obxecto regular o Sistema de remisión electrónica de datos (en diante, Sistema RED) como un servizo xestionado pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social para o intercambio electrónico de datos ou documentos, así como para a comunicación de actuacións administrativas entre o citado servizo común e as entidades xestoras da Seguridade Social e os autorizados para iso, co fin de facilitar que os suxeitos responsables cumpran as obrigas da Seguridade Social nas seguintes materias:

a) Actuacións recollidas na normativa reguladora da inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores, así como da cotización e recadación de empresas e traballadores no ámbito da Seguridade Social, nos termos e condicións previstos en cada momento pola citada normativa.

b) Comunicación de partes médicos de baixa, de confirmación da baixa e de alta correspondentes a procesos de incapacidade temporal cuxa xestión estea

encomendada á entidade xestora ou á mutua colaboradora coa Seguridade Social, nos termos establecidos na Orde ESS/1187/2015, do 15 de xuño, pola que se desenvolve o Real decreto 625/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días da súa duración.

c) Comunicación empresarial da data de inicio da suspensión do contrato de traballo ou do correspondente permiso, para os efectos da tramitación das prestacións por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, así como das reducións de xornada de traballo dos proxenitores, adoptantes ou acolletores, para os efectos da tramitación da prestación de coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, de que sexan beneficiarios os traballadores por conta allea ou asimilados, incluídos no respectivo réxime do sistema da Seguridade Social.

d) Calquera outra actuación que veña exixida na normativa da Seguridade Social cuxa xestión estea atribuída á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, na forma e coas especificacións técnicas que estableza mediante resolución do seu director xeral.

2. As notificacións dos actos administrativos que deriven ou se diten como consecuencia dos datos que se deban comunicar electronicamente a través do Sistema RED efectuaranse na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social (en diante, SEDESS), de acordo co previsto no artigo 132.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como na Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo, pola que se regulan as notificacións e comunicacións por medios electrónicos no ámbito da Seguridade Social.»

Dous. O artigo 2 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 2. *Ámbito de aplicación subxectivo.*

1. A incorporación ao Sistema RED será obrigatoria para os suxeitos responsables da obriga de cotizar a que se refire o número 2 deste artigo. Os restantes suxeitos responsables poderanse incorporar voluntariamente para a realización dos trámites administrativos que en cada momento permita o dito sistema para estes colectivos. En todo caso, para a incorporación precisarase a autorización previa outorgada pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. Para os efectos indicados, estarán obrigados á súa incorporación ao Sistema RED:

a) As empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar encadrados no réxime xeral da Seguridade Social e nos réximes especiais da Seguridade Social dos traballadores do mar e para a minaría do carbón, con independencia do número de traballadores que manteñan en alta, e sen prexuízo das excepcións establecidas no número 3.

b) Os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar como traballadores por conta propia clasificados, para os efectos de cotización, no grupo primeiro do artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, con independencia de que teñan ou non traballadores ao seu cargo.

Neste suposto, a incorporación ao Sistema RED poderase efectuar nos termos e nas condicións desta orde ou mediante o uso dos medios electrónicos dispoñibles na SEDESS e conforme as condicións establecidas para o acceso aos seus servizos, de acordo co previsto no artigo 3.3 desta orde.

3. A incorporación ao Sistema RED non será obrigatoria:

a) No réxime xeral da Seguridade Social, para as empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar, polo que respecta ao colectivo de profesionais taurinos e ao sistema especial para empregados de fogar.

b) No réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, para os traballadores por conta propia clasificados, para os efectos de cotización, nos grupos segundo e terceiro do artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro.

4. As actuacións administrativas para o intercambio de datos ou documentos no Sistema RED poderanas levar a cabo os suxeitos responsables do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 1, ben en nome propio ou ben por medio de representante.»

Disposición transitoria primeira. *Incorporación ao Sistema RED dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

Os traballadores por conta propia ou autónomos a que se refire o artigo 2.2.b) da Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, que na data de entrada en vigor desta orde figuren en alta no réxime correspondente e non estivesen incorporados no Sistema RED deberanse incorporar a este, en calquera das formas previstas no citado artigo, dentro dun prazo de seis meses a partir daquel en que teña lugar a dita entrada en vigor.

A incorporación ao Sistema RED prevista no parágrafo anterior determinará, así mesmo, a inclusión obrigatoria deses traballadores no sistema de notificación electrónica mediante a súa comparecencia na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social (SEDESS), conforme o disposto no último parágrafo do artigo 3.2 da Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo.

Disposición transitoria segunda. *Incorporación ao sistema de notificación electrónica.*

Os suxeitos responsables comprendidos no ámbito de aplicación subxectivo previsto no artigo 3.2 da Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo, que na data de entrada en vigor desta orde aínda non fosen incluídos no sistema de notificación electrónica conforme o indicado nos números 1 e 2 da disposición adicional única daquela orde, quedarán incorporados nese sistema de forma obrigatoria mediante a súa comparecencia na SEDESS, nos termos previstos no último parágrafo do citado artigo 3.2 da Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo, para o cal disporán do prazo de dous meses a partir daquel en que teña lugar esa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde e, de forma expresa, os números 1 e 2 da disposición adicional única da Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo, pola que se regulan as notificacións e comunicacións por medios electrónicos no ámbito da Seguridade Social.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Sen prexuízo do anterior, o previsto no artigo 1.1.c) da Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, sobre as comunicacións empresariais que se deberán efectuar mediante o Sistema RED para tramitar diversas prestacións, producirá efectos a partir da data de entrada en vigor desta orde respecto ás prestacións por maternidade e paternidade, e a partir do día 1 de xaneiro de 2019 respecto ás prestacións por risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural e coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.

Madrid, 1 de marzo de 2018.—A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.